

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DIA 08 DE XUÑO DO 2009.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día oito de xuño de dous mil nove; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Emilio José Cuiñas Otero, Don José Ignacio Gómez Pérez e Dona Manuela Iglesias Collarte. Non asiste Don. Anxo Collarte Perez-

Está presente o Secretario do concello, Don Pablo Portela Fernández.

Está presente o Interventor do concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan ser os seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 01 de xuño do dous mil nove (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

1.- EXPEDIENTE DE LEGALIZACIÓN 25/05/2006/2439-AC/173- DE FRANCE TELECOM ESPAÑA, S.A. (ANTES AMENA AUNA)

“Visto o escrito de Francisco Martin Moreno en representación de FRANCE TELECOM ESPAÑA, onde solicita legalización de antena de telefonía movil.

Visto o informe do aparelador municipal Don Elias Pato Rodríguez de data 25 de maio do 2009, no que se fan as seguintes consideracións:

Con fecha 22 de mayo de 2009 RE N° 3314 se aporta al presente expediente administrativo la siguiente información:

- 1. Manuscrito de solicitud. (22 de mayo de 2009 RE N° 3314).*
- 2. Certificado de comprobación Técnica de Emisiones Radioeléctricas de fecha 31 de diciembre de 2005 del Ministerio de Industria, Turismo y Comercio.*
- 3. Fotocopia TOMO I, paginas 387 de 591 y 390 de 591.*

Datos de la instalación según lo aportado.

Monte Alegre o Chaira Salgada.

Denominación de la Dirección General de Telecomunicaciones y Tecnología de la Información.

Monte comunal de Reza. Ribadavia. Ourense.

Código estación: GALR9702B.

Fecha reconocimiento: 09/11/2004.

Pagina 390 de 591.

Titular: AMENA (RETEVISIÓN MOVIL S.A.)

Promotor expediente 22/05/09 RE N° 3314.

FRANCE TELECON ESPAÑA S.A. (A 82009812).

A la vista de la documentación aportada informo favorablemente el presente expediente.

Visto o Informe Xurídico de data 29.05.2009 no que se fan as seguintes consideracións:

CONSIDERACIÓNS XURIDICAS

1.- *A este respecto debemos partir da previsión do art. 195 parágrafo 3º da lei 9/2002 que establece que se exceptúa da necesidade de presentación de proxecto técnico a execución de obras ou instalacións menores, considerándose como menores aquelas obras e instalacións de técnica simple e escasa entidade constructiva e económica que non supoña alteración do volume, do uso, das instalacións e servicios de uso común ou do número de vivendas de locais, nin afecten ao diseño exterior, a cimentación, a estrutura ou as condición de habitabilidade ou seguridade dos edificios ou instalación de toda clase.*

2.- *Por outra banda a xurisprudencia do STS entende que son obras menores aquelas caracterizadas por ser de sencilla técnica e escasa entidade constructiva e económica consistiendo normalmente en pequenas obras de simple reparación, ornato, ou encerramento que non precisan de proxecto firmado por provisionais titulados nin de orzamentos elevados (STS do 21 de Febreiro de 1984).*

3.- *Como se desprende do informe técnico o solo sobre o que se solicita a licenza está clasificado como solo rústico de protección de infraestructuras polo cal conforme os artigos 37.1 en relación co art. 33.2.f, que permiten as instalacións necesarias para os servicios técnicos de telecomunicacións, e de acordo co art. 37 párrafo 2º deberá aportarse a licenza municipal ademais da perceptica autorización autonómica, a cal foi outorgada pola Dirección Provincial do Servicio de Urbanismo de data 02 de outubro do 2006, con data no RE no Concello de Ribadavia 04 de outubro do 2006, con carácter favorable, **a considerar que tratándose dunha instalación necesaria para os servicios técnicos de telecomunicacións que non implica a urbanización ou transformación urbanística dos terreos nos que se sitúa é un uso e actividade permitido por licenza municipal directa.***

4.- *Asi mesmo no expediente constan comunicación da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible con data de 13 de setembro do 2007 e con data de RE no Concello de Ribadavia de 19 de setembro do 2007, ordenando o arquivo das actuacións ó transcurrir o prazo de 3 meses para a presentación da documentación requerida.*

5.- *Consta informe técnico municipal de data 25 de maio do 2009 no que se fai referencia a que no expediente administrativo se aporta o certificado de comprobación técnica de emisións radioeléctricas de data 31 de decembro do 2005 do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.*

6.- *Ao tratarse dunha autorización de tracto sucesivo como se desprende da xurisprudencia reiterada do Tribunal Supremo (entre outras a STS do 03 de decembro do*

2003) estaría suxeita a adaptación ás novas normas que condicionasen o exercicio da actividade, de xeito que aínda que no expediente non conste unha declaración de caducidade expresa da licenza solicitada a cal debería terse realizado de conformidade co art. 197 da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e protección do Medio Rural de Galicia, non obstante trala entrada en vigor do decreto 133/2008 polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, debería seguirse o procedemento previsto na citada norma, de xeito que deberán terse en conta os trámites procedementais citados na mesma de cara o outorgamento da licenza de apertura definitiva.

CONCLUSIÓNS

En base a argumentación anteriormente exposta infórmase favorablemente a legalización da licenza para base de telefonía mobil, debendo seguirse o procedemento previsto no decreto 133/2008 para o outorgamento da licenza definitiva.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda proceder a legalización da actividade de base de telefonía mobil, sita no lugar de Monte Alegre ou Chaira Salgada, para o cal e previamente o outorgamento da licenza de apertura debera seguirse o procedemento previsto no decreto 133/2008 de avaliación de incidencia ambiental.”.

2.- EXPEDIENTE RIB/N/60.5/08- DE CANDIDO VAZQUEZ MOSQUERA.

“Visto o escrito de Cándido Vazquez Mosquera, onde solicita licenza de obra de proxecto de reforma parcial de Adecuación de edificio para casa rural do Pazo dos Ulloa ou Pazo de As Quintas, en Esposende.

Visto o informe da arquitecta dona Mercedes Alvarez Lopez de data 12 de decembro do 2008, no que se fan as seguintes consideracións:

Vista a solicitude de aclaracións do Sr. Secretario do Concello, estimo oportuno informar o seguinte:

Primeiro: Clarificación da compatibilidade da actividade co planeamento urbanístico vixente en solo de núcleo rural e por tanto de si a mesma está afectada pola suspensión de licenzas.

Tal e como se recolle no citado escrito do Sr. Secretario do Concello, a clasificación de Solo Urbano de Núcleo Rural das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal (NNSSPPMM) corresponde coa de Solo de Núcleo Rural da Lei 9/2002, segundo se recolle na súa Disposición transitoria primeira. Réxime de aplicación ós municipios con planeamento non adaptado.

e) Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais tradicionais delimitados ao abeiro da Lei 11/1985, de adaptación da do solo a Galicia, ou clasificado como solo de núcleo rural segundo a Lei 1/1997, do solo de Galicia, aplicaráselle integramente o disposto nesta lei para o solo de núcleo rural, sen prexuízo das maiores limitacións establecidas polo planeamento.

Esta actividade de turismo rural, atópase entre os usos permitidos pola citada Lei 9/2002 no solo de núcleo rural:

Artigo 27. Usos permitidos nos núcleos rurais.

O uso característico das edificacións nos núcleos rurais será o residencial. Así mesmo, poderanse permitir usos comerciais, produtivos, turísticos e tradicionais

ligados á vida rural, así como pequenos talleres, sempre que non se altere a estrutura morfolóxica do asentamento e o novo uso contribúa a revitalizar a vida rural e mellorar o nivel de vida dos seus moradores e que, en todo caso, resulten compatibles co uso residencial.

Nas NNSSPPMM, no seu apartado Clases de Usos, non se especifica este uso de turismo rural, sen embargo, poderíase entender dentro do Uso Dotacional, segundo a definición recollida no apartado 2.8, uso permitido no seu Solo Urbano de Núcleo Rural.

No documento de Aprobación Inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal a edificación atópase incluída dentro do Solo de Núcleo Rural Tradicional; no seu Título VII. Normas Particulares en Solo de Núcleo Rural, inclúense dentro dos Usos Compatibles o Uso Hoteleiro na súa Categoría 3ª - Establecementos dedicados a turismo rural. Por outro lado, a citada edificación, recóllese no Catálogo de Bens Culturais, Ficha A_017, co nivel de protección Estrutural.

Por outro lado, no acordo de suspensión de licenzas, sinálase:

c) No solo urbano consolidado nos núcleos rurais suspenderase só naquelas zonas en que non se poidan cumprir ambas as ordenacións ou normativas simultaneamente (NSM vixentes e PXOM), e sobre todo naquelas zonas afectadas polas vías, infraestruturas, equipamentos ou espazos libres.

d) Consideraranse tamén suspendidas as licenzas de demolición ou edificación en todos os elementos do catálogo recollidos no presente PXOM (en todos os ámbitos novos ou ampliados de protección de elementos catalogados).

En conclusión, dado que o uso de turismo rural atópase entre os usos admitidos en Solo de Núcleo Rural tanto na Lei 9/2002, como nas NNSSPPMM e no documento de Aprobación Inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal; e a edificación obxecto do presente informe non se atopa afectada por ningunha vía, infraestrutura, equipamento ou espazo libre; e que ademais as obras que se pretenden son actuacións de mellora da protección contra incendios, que non modifican substancialmente as características tipolóxicas e estruturais, contando coa Resolución autorizando a intervención da Comisión Territorial de Patrimonio Histórico de Ourense; por todo elo, considerase da compatibilidade da actividade no planeamento urbanístico vixente e que non se atopa afectada pola suspensión de licenzas.

Segundo: Aclaracións dos posibles condicionantes técnicos aos que estaría sometida a actividade de conformidade co "Regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas", sen prexuízo de que a administración competente poida determinar a non inclusión desta actividade no citado regulamento.

Esta técnico, sen menoscabo do que a administración competente poida determinar, entende que o tratarse do uso de turismo rural, é dicir asimilable ó uso hoteleiro, que se trata dun uso non recollido no nomenclador do *Regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas*, considerase máis correcto a aplicación das normas técnicas derivadas do Código Técnico da Edificación.

Visto o Informe Xurídico de data 05.06.2009 no que se fan as seguintes consideracións:

CONSIDERACIÓNS XURIDICAS

1.-A este respecto debemos partir da previsión do art. 195 parágrafo 3º da lei 9/2002 que establece que se exceptúa da necesidade de presentación de proxecto técnico a execución de

obras ou instalacións menores, considerándose como menores aquelas obras e instalacións de técnica simple e escasa entidade constructiva e económica que non supoña alteración do volume, do uso, das instalacións e servicios de uso común ou do número de vivendas de locais, nin afecten ao deseño exterior, a cimentación, a estrutura ou as condicións de habitabilidade ou seguridade dos edificios ou instalación de toda clase. Así mesmo establece que en ningún caso se entederan como obras menores os muros de contención.

2.- Por outra banda a xurisprudencia do STS entende que son obras menores aquelas caracterizadas por ser de sencilla técnica e escasa entidade constructiva e económica consistindo normalmente en pequenas obras de simple reparación, ornato, ou cerramento que non precisan de proxecto firmado por provisionais titulados nin de orzamentos elevados (STS do 21 de Febreiro de 1984). Ademais a STS do 21/02/84 entende que son obras maiores as que afecten a estrutura do inmovible.

3.- En base a argumentación exposta, en principio a licenza para “**proxecto de reforma parcial de adecuación de edificio para casa rural**”, trátase dunha obra maior.

4.- As actuacións que se pretenden realizar cumpren as normas subsidiarias aplicables no Concello en tanto non se proceda á aprobación definitiva do PXOM, concretamente a ordenanza 4.11 e 3.1, encadrándose dentro dos comerciais ou culturais ao servizo da vida do núcleo, normativa que non obstante poderíamos entender desfasada trata entrada en vigor da Lei 9/2002 e que cando menos debería interpretarse integrativamente coa mesma de conformidade coa disposición transitoria 1ª da citada norma, entendendo que podería ser de aplicación o art. 25.d que establece como actuación permitida nos núcleos rurais as obras de:

“conservación, restauración, rehabilitación e reconstrucción das edificacións tradicionais ou de especial valor arquitectónico existentes no núcleo rural, sempre que non supoñan variación das características esenciais do edificio nin alteración do lugar, do seu volume nin da tipoloxía orixinaria, sen necesidade de cumprir todas as condicións esixidas polo artigo 29”

e así mesmo o previsto no art. 27 da mesma que establece que,

“o uso característico das edificacións nos núcleos rurais será o residencial. Así mesmo, poderanse permitir usos comerciais productivos, turísticos e tradicionais ligados a vida rural, así como pequenos talleres, sempre que non se altere a estrutura morfolóxica do asentamento e o novo uso contribua a revitalizar a vida rural e mellorar o nivel de vida dos seus moradores e que, en todo caso, resulten compatibles co uso residencial”.

5.- De acordo co establecido no informe técnico de data 07 de xaneiro do 2009 non existe incompatibilidade entre a actuación que se pretende desenvolver e a nova ordenación urbanística resultante da aprobación inicial do PXOM que esta tramitando actualmente, polo cal a actuación non estaría afectada pola suspensión de licencias.

6.- En relación con estas esixencias de adaptación ao ambiente consideramos aplicable o artigo 104 da LOUGA que establece o seguinte:

Adaptación ao ambiente:

As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas e para tal efecto:

a.- As construcións en lugares inmediatos ou que formen parte dun grupo de edificios de carácter artístico, histórico ou tradicional deberán harmonizar con el. Igualmente, cando, sen existir un conxunto de edificios, houberse algún de grande importancia ou calidade dos caracteres indicados.

b.- Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, sexa rural ou marítima, ou nas prespectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórico-artísticas, típicos ou tradicionais, e nas inmediacións das estradas e camiños de traxectos pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfigure a prespectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c.- A Tipoloxía das construcións deberá ser congruente coas características do contorno e os materiais empregados para a renovación e acabado de fachadas e cubertas das edificacións, e os cerramentos de parcelas deberán harmonizar coa paisaxe na que se vaian levar a cabo.

d.- Queda prohibida a publicidade estática, que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescripcions.

e.- As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados, con emprego neles das formas e os materiais que menor impacto produzan así como das cores tradicionais na zona ou, en todo caso, os que favorezcan en mellor medida a integración no contorno no inmediato e na paisaxe.

f.- Nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como inundación, afundimento, incendio, contaminación, explosión ou outros análogos, non se permitirá ningunha construción, instalación ou calquera outro uso do solo que resulte susceptible de padecer estes riscos.

7.- Coa entrada en vigor do decreto 133/2008 de Incidencia Ambiental e dado que no seu anexo 3º exclúe este tipo de actividades na súa avaliación, remitiuse con data de 03 de febreiro do 2009, a Delegación Provincial de consellería e Presidencia Administracións Públicas e Xustiza de cara a comprobar posibles condicionamentos de estar incluído no regulamento de Policía Espectáculos Públicos e actividades recreativas, non recibindo contestación actualmente polo cal de acordo co previsto no art. 42.5c da Lei 30/1992 en relación co art. 195.5 da LOUGA enténdese o silencio de carácter positivo.

CONCLUSIÓNS

Este é o parecer non vencellante do informante do que o seu carácter favorable se supedita ao cumprimento das condicións reflectidas nos correspondentes informes técnico e xurídicos.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

Primeiro.- Conceder Licenza de apertura a **don Candido Vazquez Mosquera**, dunha actividade para reforma parcial de adecuación de edificio para casa rural, cuxa eficacia será nula en tanto en canto non se aboe a correspondente taxa pola apertura de establecementos que ascende, segundo liquidación practicada polo Interventor do Concello, a contía de 20,86 euros.

Segundo.- Conceder licencia de obra para reforma parcial de adecuación de edificio para casa rural a don Cándido Vazquez Mosquera, que deberá aboar polo concepto de instalacións, construcións e obras o importe de 200,20€ (coincidentes coa cantidade xa aboada).

Terceiro.- A expedición da correspondente licenza pola Secretaría do Concello, que servirá ao interesado como documentos acreditativo desta concesión.

Cuarto.- Comunicar o presente acordo ao interesado.”

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: *proxecto de reforma parcial de adecuación de edificio para casa rural.*

Contía na que se orzan as obras: 7.700,00. €

Situación e emprazamento das obras: Pazo dos Ulloa, Esposende.

Redactor do Proxecto e dirección execución material das obras: don JAIME VALCARCEL JUÁREZ.

Nome ou razón social do promotor: Candido Vazquez Mosquera..

Prazos: O prazo de inicio das obras é dun (1) mes e o prazo de remate de un (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da licenza de obras.

Liquidación do ICIO: A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 7.700,00 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, intalacións e obras por importe de .200,20 euros.coincidentes coa cantidade xa aboada.

Outras condicións: As obras deberán axustarse o proxecto e documentación anexa aportada o expediente. O promotor da intervención ten a obriga de comunicar, coa debida antelación, o inicio das obras para que se poida programar dende a oficina do P.E.P.R.I. o oportuno seguimento das obras.

Condicións técnicas: Infórmase favorablemente á concesión da Licenza de Obras solicitada, debendo axustarse ás condicións antes sinaladas, e debendo presentarse, antes do Inicio das Obras os correspondentes Oficios de Dirección das Obras, de Dirección da Execución Material das Obras e de Coordinación en materia de Seguridade e Saúde..”.

3.- EXPEDIENTE RIB/N/14/09- DE GUILLERMO LOPEZ CARBALLAL, en representacion de CONSTRUCCIONES Y EXCAVACIONES LOPEZ CARBALLAL, S.L.

“Visto o escrito de Guillermo Lopez Carbballal, en representación de Construcciones y Excavacions Lopez Carbballal S.L, onde solicita licenza de obra segundo Proxecto Basico e de Execución, de reforma de local para vivenda”

Visto o informe da arquitecta dona Mercedes Alvarez Lopez de data 26 de maio do 2009, no que se fan as seguintes consideracións:

O citado “Proxecto Básico e de Edificación para Reforma de local para vivenda” está redactado polo arquitecto D. Luís A. Chao Gómez, estando o seu cargo a Dirección das Obras.

Non se presenta Oficio de Dirección da Execución Material das Obras nin Oficio de Coordinación en materia de Seguridade e Saúde.

Trátase dunha edificación, con fachada formando esquina cara a rúa Redondela e a rúa Piñeiral, de planta baixa e cinco plantas altas banqueándose a edificación segundo a rasante das rúas.

Segundo consta no Expediente remitido dende o Concello, a citada edificación conta con Licenza de Obras de data de 23 de abril de 2001, segundo Proxecto Básico e de Execución, de data de visado de 1 de decembro de 1997, e Proxecto Reformado, de data de visado de 6 de xuño de 2000, redactados polo arquitecto D. Luís A. Chao Gómez.

No Expediente remitido dende o Concello non consta a existencia de documentación de Fin de Obra nin da correspondente Licenza de Ocupación.

A parcela sobre a que se sitúa a edificación inclúese dentro do Solo Urbano do núcleo urbano de Ribadavia, sendo de aplicación a Ordenanza Residencial Pechada das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais, con planta baixa + 5 plantas altas como altura máxima.

O Proxecto Técnico que se presenta contempla a execución dunha vivenda nun espazo situado en planta baixa cara á rúa Piñeiral. Este espazo sería o resultante de dividir en dúas alturas a citada planta baixa, nunha zona que no Proxecto Reformado de data de visado de 6 de xuño de 2000, estaba contemplada como oco, para, dada a pendente do vial público, non superar o número máximo de plantas permitidas. É dicir, a execución da vivenda que se plantea representa un aumento do aproveitamento urbanístico dando lugar a unha altura de edificación de planta baixa + 6 plantas altas.

Por outro lado, na actualidade existe suspensión de Licenzas de Obras, inherente á aprobación inicial do PXOM, que para esa zona contempla unha altura máxima de planta baixa + 3 plantas altas.

Por todo elo, infórmase negativamente á concesión da Licenza de Obras solicitada.

Visto o Informe Xurídico de data 05.06.2009 no que se fan as seguintes consideracións:

CONSIDERACIÓNS XURIDICAS

1.-Non procede entrar sobre o fondo xa que actualmente a zona para a que se pretendo o outorgamento da licencia urbanística está afectada por suspensión de licencias ó existir

unha contradicción entre a ordenación urbanística actual e o PXOM que actualmente atópase aprobado inicialmente.

CONCLUSIÓNS

Este é o parecer non vencellante do informante do que o seu carácter favorable se supedita ao cumprimento das condicións reflectidas nos correspondentes informes técnico e xurídicos.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda vistos o informe técnico de data 26 de maio do 2009 e o informe xurídico de data 05 de xuño do 2009, denegar a licenza solicitada para reforma de local para vivienda na rúa Redondela nº22 Piñeirál nº2., por non axustarse ó ordenamento urbanístico”

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

1º. CUALIFICACIÓNS PROVISIONAIS

“Vista a solicitude de **dona M^a del Pilar Fernández Rodríguez**, con domicilio na Rúa Moreiras nº 32 San Cristovo, no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia para a rúa Freás nº24 en San Cristovo, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude propoñendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

2º.- ACOMETIDAS DE AUGA.-

“Visto o escrito presentado por **dona Manuela Imbernon Cabezas**, con domicilio en Ventosela (Bar Caravel), no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para a avda Redondela nº23 2ª D Ribadavia”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

“Visto o escrito presentado por **dona Belén Míguez Pardellas**, con domicilio en Muñoz Calero nº2 Portal 2 1ª Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para a dirección mencionada”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará

aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

“Visto o escrito presentado por **dona Isabel Duran Barreiro**, con domicilio en avda Redondela nº49 Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para a mencionada vivenda.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

“Visto o escrito presentado por **don Emilio Luis Diaz Vidal**, con domicilio en avda Redondela nº23 Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para a mencionada vivenda.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso industrial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

“Visto o escrito presentado por **don Pierluigi Zenaro**, con domicilio en Trasmesones nº3 Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para a mencionada vivenda.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso industrial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

3º.- RESCISIÓN DE CONTRATO.

Dase conta por parte do Secretario do escrito recibido pola Presidenta do Clube de Ximnasia Pavillón relativo á solicitude de rescisión do contrato administrativo para a prestación do servizo deportivo de ximnasia rítmica.

4º.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA.

1.-“Solicitud de información urbanística interesada pola Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Transporte, Servicio Provincial de Estradas, con domicilio en Ourense con número de rexistro de entrada 3575. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte, e visto o correspondente informe técnico de data 05.06.2009.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito OU 402 Castrelo de Miño-Ponte Castrelo e da OU-403 Ponte Castrelo-Val de Pereira (REF CAST: fincas según solicitud y relación adjunta) , a solicitud de Conselleríade Política Territorial Obras Publicas e Transporte, Servicio Provincial de Estrada, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

2.-“Solicitud de información urbanística interesada pola Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Transporte, Servicio Provincial de Estradas, con domicilio en Ourense con número de rexistro de entrada 3576. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte, e visto o correspondente informe técnico de data 05.06.2009.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito OU 402 Castrelo de Miño-Ponte Castrelo e da OU-403 Ponte Castrelo-Val de Pereira (REF CAST: poligono 39 de catastro de rústica) , a solicitud de Conselleríade Política Territorial Obras Publicas e Transporte, Servicio Provincial de Estrada, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

3.-“Solicitud de información urbanística interesada pola Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Transporte, Servicio Provincial de Estradas, con domicilio en Ourense con número de rexistro de entrada 3577. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte, e visto o correspondente informe técnico de data 05.06.2009.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito OU 402 Castrelo de Miño-Ponte Castrelo e da OU-403 Ponte Castrelo-Val de Pereira (REF CAST: poligono 40 de catastro de rústica) , a solicitud de Conselleríade Política Territorial Obras Publicas e Transporte, Servicio Provincial de Estrada, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

5º.-CAMPAMENTO DE VERAN.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a aprobación das tarifas para poder tomar parte no Campamento de verán ofertado polo Servicio Municipal de Deportes do Concello de Ribadavia, que se celebrará na localidade de Porto do Son (A Coruña), dende o 18 ó 29 de Agosto vindeiro (ámbolos dous inclusive): Non socios do Polideportivo, 175 euros; Socios do Polideportivo, 135 euros; Non residentes, 255 euros; Desconto por mais dun irman, 25% sobre o total. O número de prazas ofertadas é de 35. Idades: Nenos/as de 9 a 14 anos. Prazo para a reserva de praza: ata o 30 de xuño por riguroso orde de entrada. (Dárase un periodo de 10 dias para posibles cancelacións de praza, a partir dese momento o interesado non tera dereito a devolución da cantidade ingresada).

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1.- Escrito do **Valedor do Pobo** con data de entrada no Concello de 04 de xuño do 2009 e nº RE 3527 relativo o peche do expediente aberto de queixa a instancia de particular.

2.- Escrito da **Dirección Xeral de Administración Local** con data de saída de 03 de xuño do 2009 relativo a concesión de subvención para o concello de auxiliares Policia Local.

3.- Escrito do **Servizo de Promoción do Emprego** con data de saída de 05 de xuño do 2009 relativo a concesión da subvención para o Obradoiro de Emprego ABOBRIGA.

4.- Comunicación do **Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño** con data de entrada 05 de xuño do 2009 e nº RE 3556 sobre expediente autorización de vertido de augas residuais da EDAR de Sampaio Valdepereira, autorizando o citado vertido aínda que deberán cumprirse unha serie de condicións.

5.- Comunicación do **Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño** con data de entrada 05 de xuño do 2009 e nº RE 3557 sobre expediente autorización de vertido de augas residuais da EDAR de Ventosela, autorizando o citado vertido aínda que deberán cumprirse unha serie de condicións.

6.- Comunicación do **Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño** con data de entrada 05 de xuño do 2009 e nº RE 3558 relativo a modificación do programa de redución de contaminación do vertido de augas residuais do Concello de Ribadavia.

7.- Comunicación da **Consellería do Medio Rural** de data de entrada 08 de xuño do 2009 e nº RE 3594 sobre posibles alegacións do Concello de Ribadavia en relación á catalogación dunha serie de árbores no catálogo galego de árbores senlleiras.

8.- Polo Sr. Alcalde Don Marcos Blanco Jorge, propónse a revocación ao amparo do art. 105 da Lei 30/92 de Procedemento Administrativo común do acordo adoptado en Xunta de Goberno Local 25 de maio do 2009, relativo á prestación de traballos en beneficio da comunidade como consecuencia de sentenza xudicial por particular. Neste senso en vez de rexeitar a prestación de servizos polo particular acéptase a prestación de servizos polo mesmo que se realizará do seguinte xeito:

De luns a venres do 8:30 a 14:30 á adscripción a un posto de traballo concreto realizarase no momento da incorporación do traballador polo concelleiro delegado de persoal.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

1.- APROBACION DE PROXECTO.-

APROBACION DO PROXECTO DENOMINADO " PAVIMENTACIÓN DE LAS CALLES SAN LÁZARO, VENDAVAL Y EDUARDO CHAO".- A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda aproba-lo proxecto técnico da obra " Pavimentación das ruas San Lazaro, Vendaval e Eduardo Chao" , dentro do Plan Provincial de Cooperación as obras e servizos de competencia municipal, nº PB/66, redactado polo Enxeñeiro Industrial, Don Casimiro Fontenla Bugallo, cun orzamento total de contrata de 42.370,00 euros. Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda solicitar a Deputación Provincial a delegación de competencias para a contratación da devandita obra.

2.- GASTOS E FACTURAS VARIAS.-

Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2009, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primeiro.- O recoñecemento e liquidación das obrigas e polos importes que a continuación se expoñen, con imputación ás partidas correspondentes.

SOGAMA, servizo de tratamento de residuos sólidos urbanos, outubro 2007, planta de Beade, por importe de 9.198,22 euros.

Segundo.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago.

3.- CERTIFICACIÓN Nº1 DA OBRA DENOMINADA PAVIMENTACION DA RUA BAIXADA O CONSELLO E REPOSICION PAVIMENTACION RUA OLIVEIRA.-

“Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación nº 1 da obra denominada “Pavimentación da rua baixada o Consello e Reposición Pavimentación rúa Oliveira”, redactada polo técnico director da obra Don Casimiro Fontenla Bugallo, executada pola empresa Milcons S.L., por un importe total de 34.614,93 euros.

A Xunta de Goberno unha vez deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1º. Aprobar a certificación nº 1, anteriormente indicada por importe de 34.614,93 euros, aboamento que se fará con cargo ás aportacións do Fondo Estatal de Inversion Local do Ministerio de Administracions Públicas.

2º.- Aprobar a factura emitida pola empresa Milcons S.L. co nº090507 , de data 29.05.09, pola mesma cantidade.”

3º.- Que se remita o correspondiente expediente o Ministerio de Administracions Públicas.”

4.- XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº3/09.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº3 /09, por importe de 139.254,25 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

5.- APROBACIÓN DE BASES DE SELECCIÓN DE TECNICO DA RUTA DO VIÑO

Dase conta por parte do Secretario da proposta de alcaldía de data 05.06.09 relativa a aprobación dunhas bases para selección de persoal para o TECNICO DA RUTA DO VIÑO.

No expediente constan os seguintes elementos:

1º.-Constan bases de selección asinadas polo Alcalde en data de 05.06.2009

2º- Informe xurídico de data 05.06.2009 no que se fan as seguintes consideracións:

CONSIDERACIONES XURÍDICAS

1ª.- O artigo 61.7 da Lei 7/2007 establece que os sistemas selectivos do persoal laboral serán os de oposición, concurso-oposición, coas características establecidas no apartado anterior e no seu caso o concurso de valoración de meritos.

2ª.- O artigo 61 paragrafo 6º establece que respecto dos funcionarios de carreira os sistemas selectivos serán os de oposición e os de concurso-oposición, pudiéndose aplicar o sistema de concurso con carácter excepcional e só a través de norma con rango de lei.

Ambos artigos de conformidade coa disposición final primeira da citada lei teñen a consideración de lexislación básica, a decir de obrigado cumprimento para todas as Administracións Publicas.

3ª.- Por outra banda o artigo 2 do RD 896/91 establece como norma xeral de acceso a oposición salvo que pola natureza das prazas sexa mais adecuada o sistema de concurso-oposición ou concurso, a cal en calquera caso debería ir acompañada da suficiente motivación, precepto que tamén ten carácter básico en base a disposición final 1ª do citado RD, o cal tamén se recolle respecto do persoal laboral no art. 29 do RD 364/95 aplicable con carácter supletorio.

4ª.- Así se entendemos que o acceso ao Emprego Público debe estar guiada polos principios recollidos no artigo 103.3 da Constitución e dicir igualdade, merito e capacidade e que o artigo 61 paragrafo 6º limita o sistema de concurso a norma con rango de lei, parece que a posibilidade de que o persoal laboral acceda mediante concurso pode contrariar o art. 14 da Constitución, non obstante e mentres non haxa pronunciamentos xurisprudencial ao respecto pode utilizarse o sistema de concurso posto que así o prevé expresamente a Lei (art. 61.7 da Lei 7/2007).

5ª.- Así mesmo de conformidade coa interpretación dos art. 167 e 175 do Texto Refundido do Réxime Local mantida polo profesor Pérez Luque os postos reservados a persoal laboral serían exclusivamente os de oficios, non obstante a xurisprudencia constitucional e o tribunal supremo flexibiliza esta postura e así debemos ter en conta a STC 37/2002 que respecto do art. 92.02 da Lei 7/85 de Bases de Rexime Local di que é

certo que en él non se especifica que concreto as funcións han de ser desempeñadas polo persoal suxeito ó estatuto funcionarial remitindo a súa determinación ao desenvolvemento do mesmo, añade que sen embargo tal remisión non pode considerarse incondicionada ou carente de límites pois no propio precepto se dispon os criterios que han de inspirar no seu desenvolvemento a determinación das funcións que

deben ser desempeñadas por funcionarios públicos, cales son, as garantías de obxetividade, imparcialidade e dependencia no exercicio da función pública.

Por outra banda, a STS do 19/10/2005 establece que os patrons interpretativos aplicables ao art. 92.2 da Lei 7/85 (actualmente derogado e incorporado a disposición adicional primeira do EBEP) son os seguintes:

- *aqueles postos de traballo cujas funcións ou cometidos exterioricen unha actividade da Administración que teña unha directa transcendencia para a situación xurídica de outros suxeitos de dereito (axenos ou non á súa organización), e na por elo sexan relevantes esas notas de obxetividade, imparcialidade e independencia, habrá de ser necesariamente encomendados a persoal funcionarial.*
- *Corresponde a administración a carga de demostrar que nas funcións de un determinado posto resultan indiferentes esas notas que foron enunciadas.*
- *Conseguentemente, a validez dos postos de traballo laborales estarán condicionada inexcusablemente a que, no acto que os creara con ese expreso carácter contractual e non estatutario, esté ben visible e xustificado que os cometidos e funcións profesionais asignados ós titulares de tales postos, por súas específicas características, fan indiferente esas notas de que non se ven falando.*

A este respecto considero que nas funcións de técnico da Ruta do Viño, se ben non estaría implícita a nota de exercicio da autoridade, non obstante si que poderían apreciarse as notas de obxetividade, imparcialidade e independencia no exercicio das funcións públicas, polo cal considero que para este posto a figura xurídica adecuada sería a autorización do persoal funcionario.

*6ª.- Se ben a disposición adicional 1ª do EBEP non reproduce literalmente o art. 92.2 da Lei de Bases no referente **“as funcións que han de ser desempeñadas por funcionarios públicos cales son as garantías de obxetividade, imparcialidade e independencia no exercicio da función pública”**, sen embargo este apartadopodería relacionarse co previsto no art. 9.2 do EBEP que establece o seguinte:*

“En todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca”

7ª.- Respecto do contido das bases partindo da ausencia de regulación expresa para a selección do persoal laboral temporal (Disposición Adicional Segunda do RD 896/91), salvo determinada xurisprudencia que esixe un cumprimento mínimo dos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade recomendando a publicación no tablón de edictos do concello e en dous diarios de maior difusión e no BOP, sen perxucio da posibilidade de aplicar supletoriamente outras normas, considero cumpridos adecuadamente os principios que deben informar a selección deste persoal, isto é principios de igualdade, mérito e capacidade e publicidade.

CONCLUSIÓNS

En base os argumentos esgrimidos anteriormente informase favorablemente a aprobación das bases da selección para persoal laboral temporal para Técnico da Ruta do Viño, aínda que se considera máis axeitada a autorización de persoal funcionario para o desenvolvemento destas funcións.

3º.- Consta informe de intervención de data 05/06/2009 no que se fan as seguintes consideracións:

*Consta proxecto Rutas del Vino de la Eurorregión Galicia - Norte de Portugal
Acrónimo: Viño@GNP. Código Identificativo del proxecto: 0113_VINO_GNP_1_E*

El comité de Gestión del Programa Operativo de Cooperación Territorial España-Portugal 2007 -2013 , financiado por el Fondo Europeo de Desarrollo Regional (FEDER), en su reunión de 28 de enero de 2009, y en el marco de la primera convocatoria, ha acordado la concesión de una ayuda FEDER de 1.082.500,00 euros a Proyecto 0113_VINO_GNP_1_E.

Al Concello de Ribadavia le corresponde un total de 180.000 euros de ayuda FEDER, siendo el presupuesto total dentro del proxecto de 240.000 euros

La cantidad prevista para la contratación de personal es de 110.861,37 euros.

Por lo tanto deberá tramitarse expediente de generación de créditos, por importe referenciado con cargo a compromisos firmes de Administraciones Públicas para financiar gastos que por su naturaleza son competencia de esta Administración Municipal.

Este es el informe sobre el asunto del epígrafe, según mi leal saber y entender y sin perjuicio de opinión fundada mejor en derecho.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda por unanimidade dos seus membros proceder a aprobación e convocatoria das Bases de selección de persoal laboral temporal para cubrir unha praza de Técnico da Ruta do Viño

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO